

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
26/06/2023	05/07/2023	2023/1975941
	27/02/2025	2025/559009

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e





selección dos proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



BLOQUE J

Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables



J. Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables

J.1. Requisitos xerais das operacións subvencionables

Con carácter xeral, as operacións subvencionables deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e ás bases reguladoras das subvencións que se diten para o efecto.
- d) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para a petición dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente o solicitante, se esta data é anterior. Porén, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.
- e) Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- f) Adecuarse á estratexia de desenvolvemento local do GDR Sil-Bibei-Navea.

J.2. Tipoloxía de operacións subvencionables en función das persoas beneficiarias e requisitos

1. En función das persoas beneficiarias de proxectos, os proxectos poderán clasificarse como:
 - a) Proxectos promovidos por entidades públicas de carácter local ou comarcal, en concreto: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.



- b) Proxectos promovidos por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, incluíndo nesta categoría ás comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.
2. As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:
- c) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.
 - d) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.
 - e) Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:
 - 1º) Empregar menos de 50 persoas.
 - 2º) Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.

Para a definición de empresa, así como para o cálculo dos efectivos e importes financeiros desta, tomarase en consideración o disposto no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

De ser o caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos das empresas asociadas e vinculadas para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, así como para as entidades beneficiarias das axudas a proxectos non produtivos regulados no artigo 15.

J.3. Tipoloxía de operacións subvencionables en función da súa natureza

Os proxectos que os GDR poderán seleccionar clasificaranse como:

- 1º) Proxectos produtivos: proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego. Os proxectos de natureza produtiva deberán acadar, cando menos, un 65 % dos fondos públicos totais asignados a cada GDR no ámbito das axudas a operacións de terceiros.
- 2º) Proxectos non produtivos: proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.



No suposto de que o proxecto, que deberá ser igualmente de interese público ou colectivo, comporte unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio bruto operativo non chegue a superar o resultado ou valor da capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

J.4. Forma da axuda e contía máxima

As axudas concederanse en forma de subvención de capital non reembolsable e calcularanse sobre os custos subvencionables, tendo en conta a porcentaxe de axuda que resulte da aplicación ao proxecto en función dos criterios de selección establecidos polo GDR Sil-Bibei-Navea, sempre e cando se cumpran as condicións e requisitos de elixibilidade que sexan aplicables a cada proxecto e que este supere a puntuación mínima ou «de corte» establecida.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as axudas do Bono Activa Rural que se configura como unha subvención que se basea nun importe de axuda a tanto global destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais. A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante un determinado período de tempo.

As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos son as persoas físicas, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo, sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda, a través do recadro que se habilitará para o efecto.

Os límites de axuda pública (cuantitativos e porcentaxes) fixados están dentro dos límites marcados na RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG Núm. 89 do 10 de maio de 2023).

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, establécese en 25 puntos tanto para os proxectos produtivos como para os non produtivos e, a puntuación máxima en 65 puntos. As porcentaxes de axuda mínimas e máximas, así como, o importe máximo de axuda establécese no seguinte cadro:



TIPO DE PROXECTO		Nota corte	% axuda	Nota máxima	% axuda	Importe axuda máxima
PRODUTIVO	Producción agraria primaria	25 puntos	30%	65 puntos	50%	150.000 €
	Transformación e comercialización de produtos agrarios	25 puntos	30%	65 puntos	50%	
	Transformación e comercialización de produtos forestais	25 puntos	20%	65 puntos	40%	
	Creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias	25 puntos	30%	65 puntos	50%	
	Bono Activa Rural	25 puntos				18.000 €
NON PRODUTIVO	Prioridade alta	25 puntos	70%	65 puntos	90%	75.000 €
	Prioridade media	25 puntos	50%	65 puntos	70%	
	Prioridade baixa	25 puntos	30%	65 puntos	50%	

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais (por cada punto adicional a partir de 25 puntos mínimos, incrementarase a porcentaxe de axuda nun 0,50%).

PROXECTOS PRODUTIVOS - Agás os de transformación e comercialización de produtos forestais				PROXECTOS PRODUTIVOS - Transformación e comercialización de produtos forestais			
puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe
25	30,0%	46	40,5%	25	20,0%	46	30,5%
26	30,5%	47	41,0%	26	20,5%	47	31,0%
27	31,0%	48	41,5%	27	21,0%	48	31,5%
28	31,5%	49	42,0%	28	21,5%	49	32,0%
29	32,0%	50	42,5%	29	22,0%	50	32,5%
30	32,5%	51	43,0%	30	22,5%	51	33,0%
31	33,0%	52	43,5%	31	23,0%	52	33,5%
32	33,5%	53	44,0%	32	23,5%	53	34,0%
33	34,0%	54	44,5%	33	24,0%	54	34,5%
34	34,5%	55	45,0%	34	24,5%	55	35,0%
35	35,0%	56	45,5%	35	25,0%	56	35,5%
36	35,5%	57	46,0%	36	25,5%	57	36,0%
37	36,0%	58	46,5%	37	26,0%	58	36,5%
38	36,5%	59	47,0%	38	26,5%	59	37,0%
39	37,0%	60	47,5%	39	27,0%	60	37,5%
40	37,5%	61	48,0%	40	27,5%	61	38,0%
41	38,0%	62	48,5%	41	28,0%	62	38,5%
42	38,5%	63	49,0%	42	28,5%	63	39,0%
43	39,0%	64	49,5%	43	29,0%	64	39,5%
44	39,5%	65	50,0%	44	29,5%	65	40,0%
45	40,0%			45	30,0%		
Puntuación mínima (nota de corte): 25 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%				Puntuación mínima (nota de corte): 25 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 20%			
Puntuación máxima: 65 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%				Puntuación máxima: 65 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 40%			
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: 30% + (puntos acadados-25)x0,5				Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: 20% + (puntos acadados-25)x0,4			



PROXECTOS NON PRODUTIVOS - PRIORIDADE ALTA				PROXECTOS NON PRODUTIVOS - PRIORIDADE MEDIA			
puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe
25	70,0%	46	80,5%	25	50,0%	46	60,5%
26	70,5%	47	81,0%	26	50,5%	47	61,0%
27	71,0%	48	81,5%	27	51,0%	48	61,5%
28	71,5%	49	82,0%	28	51,5%	49	62,0%
29	72,0%	50	82,5%	29	52,0%	50	62,5%
30	72,5%	51	83,0%	30	52,5%	51	63,0%
31	73,0%	52	83,5%	31	53,0%	52	63,5%
32	73,5%	53	84,0%	32	53,5%	53	64,0%
33	74,0%	54	84,5%	33	54,0%	54	64,5%
34	74,5%	55	85,0%	34	54,5%	55	65,0%
35	75,0%	56	85,5%	35	55,0%	56	65,5%
36	75,5%	57	86,0%	36	55,5%	57	66,0%
37	76,0%	58	86,5%	37	56,0%	58	66,5%
38	76,5%	59	87,0%	38	56,5%	59	67,0%
39	77,0%	60	87,5%	39	57,0%	60	67,5%
40	77,5%	61	88,0%	40	57,5%	61	68,0%
41	78,0%	62	88,5%	41	58,0%	62	68,5%
42	78,5%	63	89,0%	42	58,5%	63	69,0%
43	79,0%	64	89,5%	43	59,0%	64	69,5%
44	79,5%	65	90,0%	44	59,5%	65	70,0%
45	80,0%			45	60,0%		
Puntuación mínima (nota de corte): 25 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 70%				Puntuación mínima (nota de corte): 25 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 50%			
Puntuación máxima: 65 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 90%				Puntuación máxima: 65 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 70%			
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: 70% + (puntos acadados-25)x0,5				Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: 50% + (puntos acadados-25)x0,5			

PROXECTOS NON PRODUTIVOS - PRIORIDADE BAIXA			
puntos obtidos na baremación	porcentaxe	puntos obtidos na baremación	porcentaxe
25	30,0%	46	40,5%
26	30,5%	47	41,0%
27	31,0%	48	41,5%
28	31,5%	49	42,0%
29	32,0%	50	42,5%
30	32,5%	51	43,0%
31	33,0%	52	43,5%
32	33,5%	53	44,0%
33	34,0%	54	44,5%
34	34,5%	55	45,0%
35	35,0%	56	45,5%
36	35,5%	57	46,0%
37	36,0%	58	46,5%
38	36,5%	59	47,0%
39	37,0%	60	47,5%
40	37,5%	61	48,0%
41	38,0%	62	48,5%
42	38,5%	63	49,0%
43	39,0%	64	49,5%
44	39,5%	65	50,0%
45	40,0%		
Puntuación mínima (nota de corte): 25 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%			
Puntuación máxima: 65 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%			
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: 30% + (puntos acadados-25)x0,5			



J.5. Criterios para a selección e priorización de proxectos

J.5.1. Baremo para proxectos produtivos

Para a selección dos proxectos, deberán aplicarse os seguintes criterios:

1.- Localización xeográfica do proxecto - máximo 36 puntos

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto – Renda dispoñible bruta por habitante de cada concello en relación co indicador Autonómico (Galicia), segundo datos do IGE para o ano 2019 - máximo 8 puntos.

Ver Anexo I

RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE (IGE ANO 2019) - % sobre media galega	CONCELLOS	PUNTUACIÓN
1.1.1. Concellos cunha RDBph $\leq 70\%$ da media galega	Parada de Sil, Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso	8 puntos
1.1.2. Concellos cunha RDBph $> 70\%$ e $\leq 85\%$ da media galega	Montederramo, A Teixeira, San Xoán de Río, Manzaneda e Viana do Bolo.	6 puntos
1.1.3. Concellos cunha RDBph $> 85\%$ da media galega	Castro Caldelas e A Pobra de Trives.	4 puntos

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto - Taxa de evolución interanual de poboación do concello, segundo datos do INE para o período 2013-2022 - máximo 14 puntos.

Ver Anexo II

% DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN (2013-2022)	CONCELLO	PUNTUACIÓN
1.2.1. Concellos cunha caída de poboación $\geq 20\%$	San Xoán de Río e Vilariño de Conso	14 puntos
1.2.2. Concellos cunha caída de poboación $< 20\%$ e $\geq 16\%$	Parada de Sil, Montederramo e Castro Caldelas	12 puntos
1.2.3. Concellos cunha caída de poboación $< 16\%$	A Teixeira, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives, Manzaneda e Viana do Bolo	10 puntos

1.3.- Número de habitantes en entidades colectivas / parroquias onde se localiza o proxecto segundo datos do INE do ano 2022 - máximo 14 puntos.

Ver Anexo III



Nº DE HABITANTES (INE 2022)	PARROQUIA OU ENTIDADE COLECTIVA	PUNTUACIÓN
1.3.1. Parroquias con menos de 150 habitantes	Todas menos as citadas nos dous apartados seguintes	14 puntos
1.3.2. Parroquias entre 150 e 500 habitantes	Parada de Sil (Santa María), Montederramo (Santa María), San Xoán de Río (San Xoán), Manzaneda (San Martiño de Abaixo) e San Martiño de Manzaneda (San Martiño de Arriba)	12 puntos
1.3.3. Parroquias entre 501 e 2.500 habitantes	Castro Caldelas (San Sebastián), A Pobra de Trives (Santo Cristo da Misericordia), Viana do Bolo (Santa María)	10 puntos

2.- En función da tipoloxía do promotor – máximo 10 puntos.

PROMOTOR DO INVESTIMENTO	PUNTUACIÓN
2.1. Proxectos promovidos por mulleres, homes ≤ 40 anos ou ≥ 50 anos, persoas con discapacidade ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen aos colectivos referidos nunha porcentaxe superior ao 50 % do capital social	8 puntos
2.2. Proxectos promovidos por homes > 40 anos e < 50 anos ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen ao colectivo referido nunha porcentaxe superior ao 50 % do capital social	4 puntos
2.3. Proxectos promovidos por desempregados	2 puntos

Acreditación da condición:

Puntos 2.1. e 2.2. Mediante a presentación do DNI e, no caso de persoas con discapacidade, mediante certificado do organismo correspondente que acredite un grado de discapacidade superior ó 33%.

Punto 2.3. Mediante a inscrición como parado no Servizo Público de Emprego durante, como mínimo, os 180 días anteriores á presentación da solicitude de axuda.

3.- Incidencia no emprego – máximo 18 puntos.

Creación de emprego neto. Entenderase por posto de traballo creado – unidade de traballo anual (UTA) unha xornada completa durante todo o ano; os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente.

EMPREGOS CREADOS	PUNTUACIÓN
3.1. Tres ou máis de tres	18 puntos
3.2. Máis de 1,5 e menos de 3	14 puntos



3.3. De 0,50 a 1,5	10 puntos
3.4. Menos de 0,50	0 puntos

Os proxectos que obten polo Bono Activa Rural só obterán puntuación polo emprego adicional que creen, xa que darse de alta no réxime de traballadores autónomos é obrigatorio.

4.- Impacto sobre o territorio – máximo 36 puntos

4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto - 16 puntos.

TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO		PUNTUACIÓN
4.1.1. Bono Activa Rural	Sector de actividade	Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios ou forestais do territorio 8 puntos
	Sector servizos	8 puntos
	Sector comercio	8 puntos
	Outros sectores	4 puntos
	Empadramento da persoa solicitante no mesmo concello en que se vai desenvolver a actividade	4 puntos
	Inversión en activos físicos ligados á nova actividade	4 puntos
4.1.2. Proxectos ao abeiro dos instrumentos de recuperación e posta en valor de terras		15 puntos
4.1.3. Creación ou primeiro establecemento		8 puntos
4.1.4. Modernización ou ampliación		4 puntos

Acreditación da condición:

Punto 4.1.1. O empradramento xustificarase coa presentación dun certificado do concello correspondente.

Punto 4.1.3. Enténdese por creación a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivera actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñera desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda. Considérase que a actividade é distinta cando o grupo do código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinto do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivera a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda.



Punto 4.1.4. Enténdese por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción o una tecnoloxía correspondente.

4.2.- Incidencia medioambiental positiva - 10 puntos

INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL POSITIVA	PUNTUACIÓN
4.2.1. Rehabilitación fronte a nova construción	5 puntos
4.2.2. Utilización de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético de cara á sustentabilidade medioambiental	5 puntos

4.3. Carácter innovador – 10 puntos

CARÁCTER INNOVADOR	PUNTUACIÓN
4.3.1. Inexistencia dunha actividade similar na parroquia - valorarase a singularidade e novidade do proxecto ou o novo enfoque de proxectos xa existentes	5 puntos
4.3.2. Incorporación/utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación - TICs (creación e mellora de páxina web, implementación de redes sociais, comercio electrónico, informatización, implementación de software e adquisición de equipos tecnolóxicos)	5 puntos

Acreditación:

Punto 4.3.1. A inexistencia dunha actividade similar na parroquia xustificarase coa presentación dun informe ou outro método acreditativo similar do concello correspondente, acreditando que non existe ningún outro tipo de establecemento dado de alto nese epígrafe do IAE na parroquia onde se pretenda ubicar.



Síntese do baremo para proxectos produtivos

BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS	
1.- Localización xeográfica do proxecto	36 puntos
1.1. Características económicas do concello - Renda dispoñible bruta por habitante (IGE ano 2019)	8 puntos
1.1.1. Concellos cunha RDBph $\leq 70\%$ da media galega (Parada de Sil, Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso)	8
1.1.2. Concellos cunha RDBph $> 70\%$ e $\leq 85\%$ da media galega (Montederramo, A Teixeira, San Xoán de Río, Manzaneda e Viana do Bolo)	6
1.1.3. Concellos cunha RDBph $> 85\%$ da media galega (Castro Caldelas e A Pobra de Trives)	4
1.2. Características demográficas do concello - Taxa de evolución interanual de poboación (2013-2022)	14 puntos
1.2.1. Concellos cunha caída de poboación $\geq 20\%$ (San Xoán de Río e Vilariño de Conso)	14
1.2.2. Concellos cunha caída de poboación $< 20\%$ e $\geq 16\%$ (Parada de Sil, Montederramo e Castro Caldelas)	12
1.2.3. Concellos cunha caída de poboación $< 16\%$ (A Teixeira, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives, Manzaneda e Viana do Bolo)	10
1.3. Entidades colectivas / parroquias onde se localiza o proxecto (INE2014)	14 puntos
1.3.1. Parroquias menores de 150 habitantes (Todas menos as citadas nos dous apartados seguintes)	14
1.3.2. Parroquias entre 150 e 500 habitantes (Parada de Sil (Santa María), Montederramo (Santa María), San Xoán de Río (San Xoán), Manzaneda (San Martiño de Abaixo) e San Martiño de Manzaneda (San Martiño de Arriba))	12
1.3.3. Parroquias entre 501 e 2.500 habitantes (Castro Caldelas (San Sebastián), A Pobra de Trives (Santo Cristo da Misericordia) e Viana do Bolo (Santa María))	10
2.- En función da tipoloxía do promotor	10 puntos
2.1. Proxectos promovidos por mulleres, homes ≤ 40 anos ou ≥ 50 anos, persoas con discapacidade ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen aos colectivos referidos nunha porcentaxe superior ao 50 % do capital social	8
2.2. Proxectos promovidos por homes > 40 anos e < 50 anos ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen ao colectivo referido nunha porcentaxe superior ao 50 % do capital social	4
2.3. Proxectos promovidos por desempregados	2
3.- Incidencia no emprego - Creación de emprego neto	18 puntos
3.1. Tres ou máis de tres empregos creados	18
3.2. Máis de 1,5 e menos de 3 empregos creados	14
3.3. De 0,5 a 1,5 empregos	10
4.- Impacto sobre o territorio	36 puntos
4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto	16 puntos
4.1.1. Bono Activa Rural	16 puntos
• Sector de actividade	
Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios ou forestais do territorio	8
Sector servizos	8
Sector comercio	8
Outros	4
• Empadramento da persoa solicitante no mesmo concello en que se vai desenvolver a actividade	4
• Inversión en activos físicos ligados á nova actividade	4
4.1.1. Proxectos ao abeiro dos instrumentos de recuperación e posta en valor de terras	15
4.1.2. Creación ou primeiro establecemento	8
4.1.3. Modernización ou ampliación	4
4.2.- Incidencia medioambiental positiva	10 puntos
4.2.1. Rehabilitación fronte a nova construción	5
4.2.2. Utilización de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético de cara á sustentabilidade medioambiental	5
4.3. Carácter innovador	10 puntos
4.3.1. Inexistencia dunha actividade similar na parroquia - valorarase a singularidade e novidade do proxecto ou o novo enfoque de proxectos xa existentes	5
4.3.2. Incorporación/utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC)	5



J.5.2. Baremo para proxectos non produtivos

As categorías de proxectos non produtivos (prioridade alta, media e baixa) así como os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos a considerar en cada criterio de selección determínanse de xeito totalmente obxectivo, para que todos os potenciais beneficiarios teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar o seu proxecto.

Para a selección dos proxectos, deberán aplicarse os seguintes criterios:

1.- Localización xeográfica do proxecto - máximo 36 puntos

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto – Renda dispoñible bruta por habitante de cada concello en relación co indicador Autonómico (Galicia), segundo datos do IGE para o ano 2019 - máximo 8 puntos.

Ver Anexo I

RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE (IGE ANO 2019) - % sobre media galega	CONCELLOS	PUNTUACIÓN
1.1.4. Concellos cunha RDBph $\leq$ 70% da media galega	Parada de Sil, Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso	8 puntos
1.1.5. Concellos cunha RDBph $>$ 70% e $\leq$ 85% da media galega	Montederramo, A Teixeira, San Xoán de Río, Manzaneda e Viana do Bolo.	6 puntos
1.1.6. Concellos cunha RDBph $>$ 85% da media galega	Castro Caldelas e A Pobra de Trives.	4 puntos

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto - Taxa de evolución interanual de poboación do concello, segundo datos do INE para o período 2013-2022 - máximo 14 puntos.

Ver Anexo II

% DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN (2013-2022)	CONCELLO	PUNTUACIÓN
1.2.1. Concellos cunha caída de poboación $\geq$ 20%	San Xoán de Río e Vilariño de Conso	14 puntos
1.2.2. Concellos cunha caída de poboación $<$ 20% e $\geq$ 16%	Parada de Sil, Montederramo e Castro Caldelas	12 puntos
1.2.3. Concellos cunha caída de poboación $<$ 16%	A Teixeira, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives, Manzaneda e Viana do Bolo	10 puntos

1.3.- Número de habitantes en entidades colectivas / parroquias onde se localiza o proxecto segundo datos do INE do ano 2022 - máximo 14 puntos.

Ver Anexo III



Nº DE HABITANTES (INE 2022)	PARROQUIA OU ENTIDADE COLECTIVA	PUNTUACIÓN
1.3.1. Parroquias con menos de 150 habitantes	Todas menos as citadas nos dous apartados seguintes	14 puntos
1.3.2. Parroquias entre 150 e 500 habitantes	Parada de Sil (Santa María), Montederramo (Santa María), San Xoán de Río (San Xoán), Manzaneda (San Martiño de Abaixo) e San Martiño de Manzaneda (San Martiño de Arriba)	12 puntos
1.3.3. Parroquias entre 501 e 2.500 habitantes	Castro Caldelas (San Sebastián), A Pobra de Trives (Santo Cristo da Misericordia), Viana do Bolo (Santa María)	10 puntos

2.- Características do promotor e ámbito de actuación do investimento – máximo 20 puntos.

2.1- Características do promotor – máximo 10 puntos

PROMOTOR DO INVESTIMENTO	PUNTUACIÓN
2.1.1. Proxectos promovidos por unha entidade pública local, entidade sen ánimo de lucro, comunidade de montes veciñais en man común ou a súa mancomunidade, nas que o 50% ou máis dos seus órganos directivos sexan mulleres, homes ≤ 40 anos ou ≥ 50 anos e/ou persoas con discapacidade	10 puntos
2.1.2. Proxectos promovidos por homes > 40 anos e < 50 anos ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen ao colectivo referido nunha porcentaxe superior ao 50 % do capital social	5 puntos

2.2- Ámbito de actuación – máximo 10 puntos

ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO INVESTIMENTO	PUNTUACIÓN
2.2.1. O proxecto afecta* á mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo	10 puntos
2.2.2. O proxecto afecta* a máis dun concello	7 puntos
2.2.3. O proxecto afecta* a un concello / parroquia / entidade singular / núcleo	4 puntos

* Enténdese por “afecta” que beneficie, desde calquera punto de vista, á poboación, á xeración de rendas no territorio, á atracción de visitantes ou a calquera outro aspecto positivo que poda supor.



3.- Impacto sobre o territorio – máximo 44 puntos.

3.1.- Incidencia sobre a mellora da calidade de vida (máximo 19 puntos)

INCIDENCIA SOBRE A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA	PUNTUACIÓN
3.1.1. Si o investimento consiste en proporcionar un servizo de igualdade e/ou benestar	19 puntos
3.1.2. Si o investimento consiste no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e/ou natural	16 puntos
3.1.2. Si o investimento está orientado á implantación e/ou uso das TIC no territorio	13 puntos
3.1.3. Si o investimento incide sobre o sector turístico.	10 puntos
3.1.5. Si o investimento está orientado a crear, fomentar ou mellorar os servizos e infraestruturas que favorezan o asociacionismo e/ou as actividades culturais no territorio	7 puntos

3.2.- Inexistencia dunha actividade similar na parroquia - valorarase a singularidade e novidade do proxecto ou o novo enfoque de proxectos xa existentes - 5 puntos.

INEXISTENCIA DUNHA ACTIVIDADE SIMILAR	PUNTUACIÓN
3.2. Inexistencia dunha actividade similar na parroquia - valorarase a singularidade e novidade do proxecto ou o novo enfoque de proxectos xa existen	5 puntos

A inexistencia dunha actividade similar na parroquia xustificarase coa presentación dun informe ou outro método acreditativo similar do concello correspondente, acreditando que non existe ningún outro tipo de establecemento dado de alto nese epígrafe do IAE na parroquia onde se pretenda ubicar.

3.3.- Incidencia medioambiental positiva – máximo 20 puntos

INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL POSITIVA	PUNTUACIÓN
3.3.1. Actuacións de mellora paisaxística, de recuperación de elementos tradicionais e/ou de recuperación do entorno	10 puntos
3.3.2. Utilización de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético de cara á sustentabilidade medioambiental	10 puntos



Síntese do baremo para proxectos non produtivos

BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS	
1.- Localización xeográfica do proxecto	36 puntos
1.1. Características económicas do concello - Renda dispoñible bruta por habitante (IGE ano 2019)	8 puntos
1.1.1. Concellos cunha RDBph $\leq 70\%$ da media galega (Parada de Sil, Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso)	8
1.1.2. Concellos cunha RDBph $> 70\%$ e $\leq 85\%$ da media galega (Montederramo, A Teixeira, San Xoán de Río, Manzaneda e Viana do Bolo)	6
1.1.3. Concellos cunha RDBph $> 85\%$ da media galega (Castro Caldelas e A Pobra de Trives)	4
1.2. Características demográficas do concello - Taxa de evolución interanual de poboación (2013-2022)	14 puntos
1.2.1. Concellos cunha caída de poboación $\geq 20\%$ (San Xoán de Río e Vilariño de Conso)	14
1.2.2. Concellos cunha caída de poboación $< 20\%$ e $\geq 16\%$ (Parada de Sil, Montederramo e Castro Caldelas)	12
1.2.3. Concellos cunha caída de poboación $< 16\%$ (A Teixeira, Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives, Manzaneda e Viana do Bolo)	10
1.3. Entidades colectivas / parroquias onde se localiza o proxecto (INE2014)	14 puntos
1.3.1. Parroquias menores de 150 habitantes (Todas menos as citadas nos dous apartados seguintes)	14
1.3.2. Parroquias entre 150 e 500 habitantes (Parada de Sil (Santa María), Montederramo (Santa María), San Xoán de Río (San Xoán), Manzaneda (San Martiño de Abaixo) e San Martiño de Manzaneda (San Martiño de Arriba))	12
1.3.3. Parroquias entre 501 e 2.500 habitantes (Castro Caldelas (San Sebastián), A Pobra de Trives (Santo Cristo da Misericordia) e Viana do Bolo (Santa María))	10
